



"Todos os anos escríbense cousas brillantes, pero o sistema literario galego toma o luxo de non poñerlles o foco enriba"

[Montse Dopico](#) 22 de maio de 2020

<https://praza.gal/cultura/todos-os-anos-escribense-cousas-brillantes-pero-o-sistema-literario-galego-toma-o-luxo-de-non-ponerlles-o-foco-enriba>

Volve Iván García Campos, o autor de 'O imposible de desatar', coa novela 'O viaxeiro perfecto' (Galaxia). A historia dun home que o fai todo por última vez. Que viaxa, e non para evadirse, senón para reencontrarse coas persoas que quixo. E para ser, por fin, de todo, el mesmo. Acompaña Marco, un home máis novo que coñece por casualidade. E que encarna o afecto, os coidados. Por pura empatía.

Dise nalgún momento na novela que o viaxeiro perfecto é o que nunca chega ao seu destino. Nun libro que é, en parte, novela de viaxes. Por que ese título?

En realidade todas as historias son historias de viaxes. Espaciais, temporais, vitais,... mesmo a palabra "metáfora" connota "viaxe, transporte". Así que, vida, viaxe e literatura son practicamente o mesmo. Non hai ningunha orixinalidade nisto, porque tampouco o buscaba. Non era o obxectivo neste caso. Na literatura, a orixinalidade, por veces, pode non significar nada se non está cargada de sentido. A cuestión é que no libro, como eu coido que debería pasar na vida, priorízase o traxecto sobre a chegada. O feito de darlle valor non ao lugar de onde vés ou o lugar cara a onde vas, senón ao propio camiño.

O viaxeiro perfecto non só é aquel que viaxa sen ignorar que viaxa, senón aquel que comprende que moverse é máis nobre que a quietude. O estático está condenado a dexenerar e a derrubarse; en troques, o móbil, pode chegar a durar sempre. Xustamente, o maior defecto da vida é que sempre está inacabada, que algo dela sempre se apraza. Por outra banda, o viaxeiro perfecto tamén pode ser o propio lector sentado no sofá, metido de cheo na aventura da lectura. E mesmo o propio escritor, coa súa angueira de artista e a súa incesante pelexa co imposible. Que cada un escolla, ou mesmo que engada. A verdade, eu podería dicir unha cousa ou outra dependendo do día que me pregunten.

Os dous protagonistas, Mario e Raimundo Martín, coñécense por casualidade. En realidade, a novela é como unha viaxe pola vida de Raimundo. Mario podería ser, quizais, máis o motor da historia, porque da súa actitude, da súa empatía, parte todo. Pero del sabemos, como lectores, moito menos. Por que?

Polo que dicía antes; na vida todo é contradictorio e non definitivo. A xente sae e entra das nosas vidas sen necesidade de saber de onde veñen nin onde acaban. Podemos compartir moitos anos cunha persoa, un compañeiro de traballo, un coñecido, unha parella, e non chegamos a saber todo deles. Sempre quedan zonas en sombra. O coñecemento dunha persoa sempre se vai dando de a poucos, nunha conversa tomando un café non o sabes xa todo. Iso non pasa nunca así.

En realidade, nunca sabemos o verdadeiro significado das cousas que acontecen mentres vivimos, entre outras cousas porque todo está moi fragmentado. Por outra banda, chegado un momento, esas mesmas persoas das que falabamos antes, desaparecen das nosas vidas e deixamos de saber delas. Ata que moitos anos despois nos decatamos de que son ou fixeron tal ou cal cousa. Ou mellor, non nos decatamos nunca. Por iso entendo que a novela ten que semellar ilimitada e desordenada e azarosa, porque o mundo que intenta relatar o é, marxe, claro, de ofrecer a sensación de certo orde interno.

Raimundo ten un pasado relacionado con diferentes pobos indíxenas. A presenza deste tema no libro parece reflectir unha preocupación túa, que inclúe o que pode acontecer cando, con boas intencións, os occidentais se achegan a algúns pobos indíxenas. Non hai nela, tamén, un certo risco de idealizar a “pureza” cultural do Outro?

A novela, coido eu, que non trata de ennobrecer nin idealizar a “pureza” cultural do Outro en ningún momento. Polo menos non conscientemente, ou mesmo non creo que apareza así expresado. Ese tópico do bo salvaxe, que se non me trabuco comeza con Cristovo Colón e os descubridores e humanistas da época, e continúa posteriormente na Ilustración con Locke e nomeadamente Rousseau e máis tarde con Montaigne e xa na modernidade con Margaret Mead, por exemplo, é un tema practicamente superado da antropoloxía. Nin tan sequera me interesa. O que si se suxire no libro, dito dun xeito sinxelo, é que ningunha cultura está lexitimada para entorpecer a marcha nin o ritmo das demais, nin para modificar os seus valores, nin crenzas. E isto se insinúa sen dicir o nome de Estados Unidos en ningún momento...

Raimundo atópase nunha situación extrema. E non deixa de reflexionar sobre o que é importante na vida, que é en realidade, poderíamos dicir, o tema de fondo desta novela. Se o anterior libro teu subliñaba a nosa falta de control sobre a vida ou o noso coñecemento limitado da realidade, este quizais sinala algo que Raimundo di ao principio: que as cousas máis importantes están ocultas na simplicidade e na familiaridade. Era un pouco a idea?

Si. Complicámolo todo para tratar de comprender a vida e ao final ese coñecemento, que en todo caso sempre é parcial, áchase na sinxela capacidade para capear as derivas e no esforzo que realizamos decote para termos unha ledicia honesta. En todo caso, o importante é sempre manter a curiosidade.

A viaxe de Raimundo ten, de feito, moito de reencontro, e de despedida, coas persoas que amou. E neses reencontros aflora a incomunicación ou conflitos non resoltos de noutro, que é outro dos temas -contextualizado tamén na familia- que estaban nos teus libros anteriores. Por que Raimundo precisa eses reencontros? Por que esa comunicación que el precisa se tornou, en varios dos casos, imposible?

O personaxe de Raimundo é un personaxe que fai cousas por última vez. Podemos dicir que todo canto fai é a última vez que o vai facer, entre elas o reencontro con persoas que quedaron moi atrás no tempo e que deixou de ver, na maioría dos casos, non en circunstancias precisamente apracibles. Entendo que nestes casos é lícito querer resolver todo aquilo que quedou no aire.

De aí que as conversas sexan as típicas conversas imprecisas que procuran salvar os obstáculos do tempo, das discrepancias... esas conversas coa palabra na punta da lingua, do que se quere dicir, pero non se di. Dos silencios previos a o outros silencios. A contención para non ferir ou para non ferir de máis. O silencio ten iso: un poder de comunicación magnífico. Por veces, é o que dá sentido as palabras.

En relación con iso, di Raimundo nun momento que nos mentimos a nós mesmos, dicíndonos que somos máis importantes ou valorados do que somos. E parece que é parte do seu propio conflito. É así? Por que?

Iso que di Raimundo fai referencia á relación tan especial que temos todos con nós mesmos. Coa nosa cabeza, a través da voz interior. Xeralmente, a través dela, necesitamos xustificar a nosa vida e a propia voz interior inventa razóns para facelo. Así que é un comentario xeral, aplicable a todos e, por suposto, tamén a el. Levámolo todos de serie.

O libro divídese en varias partes e cada capítulo vai encabezado por unha data. Pasa con este libro o mesmo que co anterior respecto a 'O imposible de desatar': simplificaches a estrutura. E seguiches afondando no que che interesa: os personaxes, o seu retrato psicológico... En que se diferencia, ao respecto, este libro dos dous anteriores?

Efectivamente, nesta novela as datas son moito máis significativas. Son consciente, de todos os xeitos, que nos libros encabezados por datas, os lectores chega un momento que xa non as len, e iso pode significar un problema, porque poden ter a sensación de que as cousas pasan moi rápido, cando en realidade non é así, mesmo poden pasar meses dun acontecemento a outro. Pero en fin. En xeral, eu diría que a diferenza fundamental desta novela con '*O imposible de desatar*' e co libro de relatos '*Cuestionés vitais secretas*' é que esta é máis accesible.

Nas outras todo parte de varios retos técnicos e múltiples ideas. Nesta, busquei simplificar todo. Conscientemente, as ideas limítanse a dous ou tres que se manteñen durante toda a narración. Digo conscientemente porque logo hai moito que depende de cada lector. Da súa recreación. Os retos tamén son mínimos; por unha banda, substentar toda a historia só a través da viaxe e a conversa, imos só coñecendo a narración a medida que avanzamos, coma unha experiencia real; e logo, facer que en toda a novela non se saiba nunca o que pensan os personaxes; só sabemos o que están a facer ou dicir.

Raimundo tivo, pódese dicir, unha vida pouco convencional, con experiencia en moi distintos contextos... Tan pouco convencional que ás veces non parece verosímil (aínda que si o é o seu retrato psicológico). Pódese deducir que foi decidido. Pero hai unha contradición nel: nunca se atrevera a vestirse como quería. Por que? De que maneira lle pesa, malia todo, o medo? E a culpa ou a inseguridade?

Non todo o que conta Raimundo é algo que viviu, moitas das cousas son, poden ser, cousas que sabe e conta. Así que non necesariamente estivo en todos eses lugares e culturas, non se di sempre na novela, pero xa digo, non estivo: ás máis das veces simplemente fala de cousas que coñece sen telas experimentado; grazas ao seu traballo ten, ademais de experiencias, coñecementos... lembremos que falamos dun personaxe de moitos anos, case oitenta...

A respecto do medo a vestirse dun xeito determinado... digamos que durante toda a vida estamos obrigados, queirámolo ou non, a seguir certas regras na vida do día a día. Esas obrigas chegan a nós case sen decatarnos. Asumímolos e lévannos a xogar determinados papeis na vida; os estoicos posteriores ao helenismo dicían que os papeis que temos que representar no drama da vida xa están asignados, que a única responsabilidade que temos é a de desempeñar ben ou mal ese papel. Pois ben, mentres desempeñamos eses papeis temos que xogar aos xogos das aparencias, ata que chegamos á vellez.

Tal e como eu a vexo, aínda a distancia, a moita distancia, a vellez pode ser algo que agudice o sentimento da vida. Non ten por que ser un mal en absoluto, como adoito se representa. Cos cartos abondos e unha boa saúde pode ser formidable. Por que pode ser formidable? Pois ben, porque para empezar xa non queda máis que a vellez, esa sensación de que un xa chegou. Probablemente non sexa un sentimento de triunfo, pero despois de atravesar todos os males da vida e o mundo, guerras, virus, paro, desgrazas... un xa chegou. E é o momento no que xa non se trata de ser alguén ou representar ningún papel. Xa podes ser quen es sen estar pendente de nada. Nin da sensación de ridículo. E iso é o que lle acontece a Raimundo. Que por fin se decide a facer o que lle reina,... e punto, que podería retrucar el.

Francia ten moita importancia na novela porque está moi ligada á biografía de Raimundo. Hai algunhas reflexións interesantes, por exemplo, sobre o maio do 68... Mais ás veces -por certas descrições moi detalladas, por exemplo, e quizais ás veces un pouquiño detalladas demais- parece que se quixo facer a París tamén protagonista. Como unha homenaxe á cidade. Era parte da túa intención, ou responde simplemente ás necesidades da historia?

Agora que o dis, en '*O imposible de desatar*', entre todos os personaxes, a casa é un personaxe máis, e ademais moi importante. Isto foi feito intencionadamente. Pero en '*O viaxeiro perfect'o*', aínda que podía quedar moi estupendo dicir que si, que procuraba facer unha homenaxe ao país dos Dereitos Humanos (o 14 de xullo, por certo, é o meu aniversario, así que coincidiría ben) o país dos mil queixos, da baguette, da moda, do glamour e do champaña... pois non, son simplemente necesidades do guión, que se di. Non hai ningunha intencionalidade. Ademais, coido para min que o champaña está moi sobrevalorado.

Mario é, como comentabamos, un personaxe que podería estar máis desenvolvido. Como o son, por exemplo, as ex mulleres de Raimundo, que quedan moi en segundo plano. Entendo que non era o obxectivo da novela mais, por que non equilibrar máis as personaxes nese sentido? (Podería facela máis rica, porque hai personaxes ben interesantes).

Sería unha opción, pero iso levaría a unha novela de 200 páxinas a ter 400, a desfocalizar a idea orixinal e a perder todo o sentido inicial coa que naceu a narración. Prefiro as narracións concentradas que longas. Teñen máis intensidade. Na cuarta parte (e aquí é un dos puntos onde as datas son importantes) aparece outro personaxe, a señora Valeria, que tamén é significativo porque nos leva a explicar cun só exemplo a tarefa oculta que leva Mario. En realidade, tamén podería repetir moitas máis veces ese exemplo con personaxes distintos, pero non me interesa nada sumar páxinas se non van a aportar nada máis significativo. Se todo vai quedar en palla.

É unha cuestión de gustos, aínda que tamén de principios. É como coa linguaxe. Eu rexeito a linguaxe con pretensións de brillantez porque teño o convencemento de que iso equivale a facer trampas coas palabras. Non entendo o equilibrio e o desequilibrio dos personaxes no número de páxinas que teñen dentro da novela. E ademais, como seguro queda aludido do dito anteriormente, busco os desequilibrios nas proporcións adrede. Non só entre personaxes, senón de moitos outros tipos.

En realidade, todo se encadra no feito de que eu entendo que cando un escribe algo, en realidade o escribe para contar outra cousa. Que unha narración conta sempre dúas historias e que a máis importante é xusto a que se está suxerindo, non a que queda escrita, senón a construída co non dito. Para min ese é o obxectivo da literatura tal e como eu a entendo. Contar unha historia particular ou persoal ou ficticia, cun inicio, trama e final, así sen máis, non ten moito sentido para min. Non porque sexa doado, senón porque estaríamos falando dunha literatura anecdótica. Eu confío moito na capacidade intuitiva do lector.

Non publicas con demasiada frecuencia, supoño que porque non sentes necesidade diso. Cres que ás veces se tende a publicar demais, seguindo as esixencias do mercado?

Pois non che podo dicir. Si que creo que no sistema literario galego se escriben todos os anos cousas moi lúcidas e brillantes, pero que curiosamente, o sistema galego tómake o luxo de non poñerlles o foco enriba e acaban por pasaren desapercibidas ás máis, a costa de poñerlles a luz a novelas máis... como podo dicir... máis de masas... máis comerciais... e ao final sempre temos o mesmo menú para comer...

No persoal, sempre me tomo un longo tempo de espera ata que chega o principio doutra idea, en realidade moitas ideas. Aparece na miña cabeza unha imaxe que anoto, unha, dúas, tres ideas, e ata que teño case todo na cabeza, non empezo. É un proceso lento, pero non teño ningunha présa. Hai que sentirse inspirado, ter boas sensacións, unha boa atmosfera mental, un bo estado de ánimo... ata que xurde algo, xeralmente unha miudeza, na que xa sabes que chegou o momento de poñerse a escribir. Son moitas cousas. E logo que eu escribo moi lento. Vou practicamente de liña en liña e non paso á seguinte se non casa todo, mesmo a nivel de ritmo, de compás.... en fin, unha paranoia... pracenteira...